

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN,
FESTAS E XESTIÓN
MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 13 DE OUTUBRO DE 2023

Ás 10:30 horas do día 13 de outubro de 2023, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 9 de outubro de 2023, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais:

- D. Fernando González Abeijón, vogal representante do PP
- D. Xabier Pérez Igrexas, vogal representante do BNG
- D^a. Margarita Parajó Calvo, titular da Asesoría Xurídica
- D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
- D^a. Dolores Hernández Vidal, suplente do técnico medio de Servizos Económicos
- D^a. Beatriz Barbará Rodríguez, xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos
- D. José Angel Otero Lamas, xefe de área de Investimentos
- D. Jesús López Moure, xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural (asiste aos puntos 4a)
- D^a. Ruth Maria Gallego Santos, técnica de xestión da área de Fomento (asiste aos puntos 5a, 5b, 5c, 6a, 6b, 6c e 11c)
- D. Luis Garcia Álvarez, Tesoureiro Municipal (asiste aos puntos 9a e 10a)
- D. José Ángel Lago Filgueira, suplente do xefe do Servizo de Deportes – Director Deportivo (asiste ao punto 11a)
- D^a. María Gómez Janeiro, xefa da Unidade de Patrimonio Histórico (asiste ao punto 11e)

Secretaria: D^a. María Dolores Sotelo Gallego

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos (procedementos abertos)

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de organización e xestión de elementos promocionais que terá como fin a promoción turística do



Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN,
FESTAS E XESTIÓN
MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



destino Vigo con motivo da celebración da feira internacional de turismo (FITUR) (8494-104)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

1. ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS, S.L.U.
2. TORRES Y CARRERA CONSULTORES DE COMUNICACIÓN, S.L.

3- Apertura das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor (procedementos abertos)

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de organización e xestión de elementos promocionais que terá como fin a promoción turística do destino Vigo con motivo da celebración da feira internacional de turismo (FITUR) (8494-104)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliábeil mediante xuízo de valor" dos licitadores admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

4.- Apertura administrativa e das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor ou apertura administrativa e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, e se procede, clasificación (procedementos abertos simplificados)

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro e instalación de máquina enfriadora exterior para Verbum (4978-330)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con eles. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:43	Páxina 2 de 25
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA94D-C3D43B-5EA6CA-TKP4Z3-P5EHZJ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS**

**ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN,
FESTAS E XESTIÓN
MUNICIPAL**

**CONCELLO
DE VIGO**



compoñen o sobre único (documentación persoal e proposición avaliable mediante fórmula) co seguinte resultado:

	Licitador	Oferta do prezo do contrato
1	ACEUVE, S.L.U.	39.976,72 €
2	TERMOCALOR VIGO, S.L.	37.489,02 €

Non asiste público á apertura.

Acto seguido compróbase a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos, acordando a Mesa, por unanimidade admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

1. ACEUVE, S.L.U.
2. TERMOCALOR VIGO, S.L.

A Mesa acorda, por unanimidade, solicitar informe ao servizo xestor de valoración da proposición avaliable mediante fórmula.

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliables mediante xuízo de valor

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Mellora da iluminación do Monte da Guía" (1665-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

Entrégase o informe asinado pola enxeñeira industrial, o técnico medio en topografía e a enxeñeira técnica industrial o 2 de outubro de 2023 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor" que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto Vigo Vertical "Humanización da Avda. Hispanidade, entre as rúas Amor Ruibal e Feliciano Rolán" (Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia - Financiado pola Unión Europea - Next Generation-EU) (1679-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo enxeñeiro industrial, a enxeñeira industrial e o



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:43	Páxina 3 de 25
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA94D-C3D43B-5EA6CA-TKP4Z3-P5EHZJ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN,
FESTAS E XESTIÓN
MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



técnico medio en topografía o 6 de outubro de 2023 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor" que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Vigo Vertical de implantación de medios mecánicos de transporte peonil, para conexión entre o contorno do colexio Losada e rúa Ramón Nieto" (Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – Next Generation-EU) (1680-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo enxeñeiro industrial, a enxeñeira industrial e o técnico medio en topografía o 6 de outubro de 2023 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor" que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

6.- Apertura das proposicións avaliables mediante fórmula (procedementos abertos e abertos simplificados), e se procede, proposta de clasificación ou clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Mellora da iluminación do Monte da Guía" (1665-441)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses co licitador admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

Procédese, en acto público, á descripción dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" do único licitador admitido co seguinte resultado:

	Licitador	Redución do prezo do contrato
1	SIELVIGO,S.L.	278.140, 29 €

Asiste como público á apertura:

1. D^a. Begoña Rivas Baltar, en representación de FEDERACIÓN GALLEGA DE LA CONSTRUCCIÓN.
2. D. Rubén Galiñanes Fernández, en representación de SIELVIGO, S.L.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:43	Páxina 4 de 25
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA94D-C3D43B-5EA6CA-TKP4Z3-P5EHZJ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
**CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS**

**ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN,
FESTAS E XESTIÓN
MUNICIPAL**

**CONCELLO
DE VIGO**



b) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto Vigo Vertical "Humanización da Avda. Hispanidade, entre as rúas Amor Ruibal e Feliciano Rolán" (Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – Next Generation-EU) (1679-441)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo sen IVA
1	CIVIS GLOBAL, S.L.U	1.029.364,67 €
2	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	971.372,30 €
3	ORECO BALGON, S.A.	995.115,55 €
4	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	952.461,74 €

Asiste como público á apertura:

1. D^a. Begoña Rivas Baltar, en representación de FEDERACIÓN GALLEGA DE LA CONSTRUCCIÓN

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

c) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto de "Vigo Vertical de implantación de medios mecánicos de transporte peonil, para conexión entre o contorno do colexio Losada e rúa Ramón Nieto" (Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – Next Generation-EU) (1680-441)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo sen IVA
1	ORECO BALGÓN, S.A.	1.766.685,08 €



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:43	Páxina 5 de 25
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA94D-C3D43B-5EA6CA-TKP4Z3-P5EHZJ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN,
FESTAS E XESTIÓN
MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



	Licitador	Prezo sen IVE
2	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	1.805.174,12 €
3	UTE CIVIS GLOBAL, S.L.U – AVAN INTEGRAL, S.L.U.	1.841.948,30 €
4	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	1.818.702,45 €

Asiste como público á apertura:

1. D^a. Begoña Rivas Baltar, en representación de FEDERACIÓN GALLEGA DE LA CONSTRUCCIÓN

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante fórmula

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de asistencia á recadación executiva (26287-541)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo tesoureiro municipal - director superior contable e orzamentario o 5 de outubro de 2023 de valoración do sobre C "proposición avaliada mediante fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

10.- Propostas de clasificación (procedementos abertos) ou clasificación (procedementos abertos simplificados)

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de asistencia á recadación executiva (26287-541)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de asistencia á recadación executiva (26287-541) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación
1	SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, S.L.U., (SCI)	100.00



Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN,
FESTAS E XESTIÓN
MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



	Licitador	Puntuación
2	UTE, ASESORES LOCALES CONSULTORIA, SA - AL TRÁFICO Y MOVILIDAD SEGURA, S.L.	87.90

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, S.L.U., (SCI), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares."

11.- Propostas de adjudicación

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos para o desenvolvemento dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnasios e instalacións dependentes da Concellería de Deportes (5162-611)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos para o desenvolvemento dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnasios e instalacións dependentes da Concellería de Deportes (5162-611)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 27 de marzo de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro: Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:43	Páxina 7 de 25
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA94D-C3D43B-5EA6CA-TKP4Z3-P5EHZJ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN,
FESTAS E XESTIÓN
MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



tramitación ordinaria *SERVIZOS TÉCNICOS E DOCENTES PARA AS PISCINAS CUBERTAS DE TRAVESAS, LAVADORES, TEIS E VALADARES E DOS SERVIZOS PARA IMPARTIR ENSINANZAS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS NOS XIMNASIOS E INSTALACIÓNS DEPENDENTES DA CONCELEIRÍA DE DEPORTE*
Expd.5162-611

Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares de data 22 de marzo do 2023 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o Contrato, asinado polo servizo de contratación de data 22 de marzo do 2023.

Terceiro: Autorizar o gasto polo importe máximo de licitación de 18.884.651,96 euros euros con iva, sendo o IVE a soportar pola administración de 3.277.501,58 euros.

DISTRIBUCIÓN EN ANUALIDADES

ANOS	PERIODO	IMPORTE CON IVE
2023	01/07/2023 ata 31/12/2023	2.360.581,50 €
2024	01/01/2024 ata 31/12/2024	4.721.162,99 €
2025	01/01/2025 ata 31/12/2025	4.721.162,99 €
2026	01/01/2026 ata 31/12/2026	4.721.162,99 €
2027	01/01/2027 ata 30/06/2027	2.360.581,50 €

Importes de aplicación anual a cada partida orzamentaria.

Partida orzamentaria		% diuistribución	2023	2024	2025	2026	2027
	Coste variable monitores						
3420 2279904	MONITORES XIMNASIO BERBES	10,00 %	66.060,00 €	132.120,00 €	132.120,00 €	132.120,00 €	66.060,00 €
3420 2279905	MONITORES XIMNASIO CARME	11,33 %	74.845,98 €	149.691,96 €	149.691,96 €	149.691,96 €	74.845,98 €
3420 2279908	MONITORES PISCINA TRAVESAS	32,05 %	211.722,30 €	423.444,60 €	423.444,60 €	423.444,60 €	211.722,30 €
3420 2279909	MONITORES PISCINA LAVADORES	21,45 %	141.698,70 €	283.397,40 €	283.397,40 €	283.397,40 €	141.698,70 €
3420 2279910	MONITORES PISCINA TEIS	16,15 %	106.686,90 €	213.373,80 €	213.373,80 €	213.373,80 €	106.686,90 €
3420	MONITORES	9,02 %	59.586,12	119.172,24	119.172,24	119.172,24	59.586,12 €



Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN,
FESTAS E XESTIÓN
MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



		% distribución	2023	2024	2025	2026	2027
2279913	PISCINA VALADARES		€	€	€	€	
subtotal		100%	660.600,00 €	1.321.200,00 €	1.321.200,00 €	1.321.200,00 €	660.600,00 €
Partida orzamentaria	Costes fixos	% distribución	2023	2024	2025	2026	2027
3420	SERVIZO PISCINA TRAVESAS		628.993,15 €	1.257.986,31 €	1.257.986,31 €	1.257.986,31 €	628.993,15 €
2279902		37,00 %					
3420	SERVIZO PISCINA LAVADORES		356.996,11 €	713.992,23 €	713.992,23 €	713.992,23 €	356.996,11 €
2279903		21,00 %					
3420	SERVIZO PISCINA TEIS		424.995,37 €	849.990,75 €	849.990,75 €	849.990,75 €	424.995,37 €
2279906		25,00 %					
3420	SERVIZO PISCINA VALADARES		288.996,85 €	577.993,71 €	577.993,71 €	577.993,71 €	288.996,85 €
2279911		17,00 %					
subtotal		100 %	1.699.981,50 €	3.399.962,99 €	3.399.962,99 €	3.399.962,99 €	1.699.981,50 €

O contrato financiarase con cargo as partidas orzamentarias do orzamento de deportes, e da bolsa de vinculación.

34202279902	SERVIZO PISCINA TRAVESAS	632.875,52
34202279903	SERVIZO PISCINA LAVADORES	360.686,09
34202279906	SERVIZO PISCINA TEIS	427.483,46
34202279911	SERVIZO PISCINA VALADARES	293.888,77
34202279904	MONITORES XIMNASIO BERBES	63.925,36
34202279905	MONITORES XIMNASIO CARME	69.265,44
34202279908	MONITORES PISCINA TRAVESAS	184.510,79
34202279909	MONITORES PISCINA LAVADORES	137.589,90
34202279910	MONITORES PISCINA TEIS	101.129,46
34202279913	MONITORES PISCINA VALADARES	69.832,68
34202279919	FORMATIVA DESFIBRILADORES	2.000,00
34202270602	REDACCIÓN PROXECTOS	18.000,00
34202210400	VESTIARIO PERSOAL	6.000,00

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente."

Segundo.- A Xunta de Goberno local, na sesión do 12 de xuño de 2023, adoptou o seguinte acordo:

"Desistir do procedemento de adxudicación do procedemento aberto dos servizos para



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:43	Páxina 9 de 25
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA94D-C3D43B-5EA6CA-TKP4Z3-P5EHZJ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN,
FESTAS E XESTIÓN
MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



o desenvolvemento dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnasiaos e instalacións dependentes da concellería de Deportes polas razóns expostas no precedente informe.”.

Terceiro.- En data 7 de xullo de 2023, D. Javier García Linares, en nome e representación de FCC Aqualia, S.A (en adiante, Aqualia ou o recorrente), interpón recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL) contra o acordo da XGL de desistencia do procedemento.

Cuarto.- A Xunta de Goberno local, na sesión do , adoptou o seguinte acordo:

“1º.-Tomar razón da Resolución nº 144/2023 Do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia(TACGAL), recaída no recurso nº 127/2023, interposto por FCC AQUALIA SA contra o acordo de desistencia da licitación titulada “-Servizos Técnico-deportivos e docentes de monitores e profesores para impartir as ensinanzas e actividades deportivas nas piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e os ximnasiaos das Travesas e O Berbés. - Servizos de mantemento das máquinas de actividade físico-deportiva dos citados ximnasiaos. - Servizos complementarios necesarios para o funcionamento das instalacións das citadas piscinas: de limpeza, conservación, mantemento e vixilancia das instalacións; mantemento das instalacións técnicas de produción de calor e a súa fonte de enerxía; a atención e control dos usuarios e servizos de socorrismo”, expediente 5162-611 do Concello de Vigo. Na mesma o TACGAL estima parcialmente o recurso.

Transcríbese a continuación o acordo:

1. Estimar o recurso interposto por FCC AQUALIA SA contra o acordo de desistencia da licitación titulada “-Servizos Técnico-deportivos e docentes de monitores e profesores para impartir as ensinanzas e actividades deportivas nas piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e os ximnasiaos das Travesas e O Berbés. - Servizos de mantemento das máquinas de actividade físico-deportiva dos citados ximnasiaos. - Servizos complementarios necesarios para o funcionamento das instalacións das citadas piscinas: de limpeza, conservación, mantemento e vixilancia das instalacións; mantemento das instalacións técnicas de produción de calor e a súa fonte de enerxía; a atención e control dos usuarios e servizos de socorrismo”, expediente 5162-611 do Concello de Vigo.

2. Ao abeiro do artigo 57.4 LCSP, o órgano de contratación deberá dar coñecemento a este Tribunal das actuacións adoptadas para lle dar cumprimento a esta resolución.

2º- Dar traslado do expediente ao servizo de Contratación aos efectos de retrotraer as actuacións do expediente ao momento da valoración do sobre C e tendo en conta esta resolución do Tribunal Administrativo de Contratación Pública



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:43	Páxina 10 de 25
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA94D-C3D43B-5EA6CA-TKP4Z3-P5EHZJ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN,
FESTAS E XESTIÓN
MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



da Comunidade Autónoma de Galicia."

Quinto.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 18 de setembro de 2023 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos para o desenvolvemento dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnasios e instalacións dependentes da Concellería de Deportes (5162-611) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Total
1	FCC AQUALIA, S.A.	81
2	SERVEI D'ENSENYAMENT I ASSESSORAMENT ESPORTIU, S.A.	71.13

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, FCC AQUALIA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares."

Sexto.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, FCC AQUALIA, S.A., o día 20 de setembro de 2023, que presenta a documentación requirida o 22 de setembro de 2023, dentro do prazo concedido. Tamén presenta documentación o 11 de outubro, fora do prazo concedido que, en base ao criterio sostido polos tribunais de recursos contractuais que defende a posibilidade de emenda desta documentación (entre outras, Resolución nº 806/2019, do 11 de xullo, do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais), procede igualmente admitir.

Sétimo.- A Mesa de Contratación na sesión do 13 de outubro de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento, polo voto favorable de todos os membros presentes agás D. Xabier Pérez Igrexas e D. Fernando González Abeijón que se absteñen.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:43	Páxina 11 de 25
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA94D-C3D43B-5EA6CA-TKP4Z3-P5EHZJ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN,
FESTAS E XESTIÓN
MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar FCC AQUALIA, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por FCC AQUALIA, S.A., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 16 de maio de 2023 e 11 de setembro de 2023, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a FCC AQUALIA, S.A. o procedemento aberto para a contratación dos servizos para o desenvolvemento dos servizos técnicos e docentes para as piscinas cubertas de Travesas, Lavadores, Teis e Valadares e dos servizos para impartir ensinanzas e actividades deportivas nos ximnasios e instalacións dependentes da Concellería de Deportes (5162-611) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 18.726.537,95 € euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.250.060,30 € euros.
- b) Propón como prezo unitario de monitor hora fixado no apartado 3.G do Anexo I -FEC- do PCAP para o pago dos servizos técnico-deportivos e docentes para desenvolver programas deportivos o de VINTE E DOUS EUROS CON OITENTA CÉNTIMOS (22,80 €) (sen IVE), sendo a cota correspondente ao IVE a de CATRO EUROS CON SETENTA E NOVE CÉNTIMOS (4,79 €), o que supón un prezo unitario de monitor hora de VINTE E SETE EUROS CON CINCUENTA E NOVE CÉNTIMOS (27,59 €)
- c) Propón coma porcentaxe de desconto un TRES POR CIENTO (3,00%), a aplicar sobre o prezo unitario (calculado tal e como se establece no



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:43	Páxina 12 de 25
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA94D-C3D43B-5EA6CA-TKP4Z3-P5EHZJ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN,
FESTAS E XESTIÓN
MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



apartado 3.G do Anexo I -FEC- do PCAP) do término variable da enerxía térmica útil en kw/h.

- d) Propón un incremento de VINTE MIL EUROS (20.000,00 €) con respecto ao importe anual mínimo establecido no apartado n) da cláusula II.2 do PPTP, destinado á substitución de materiais non funxibles.
- e) Propón un incremento de SESENTA E UN MILLÓNS DE EUROS (61.000.000,00 €) do importe mínimo da cobertura da póliza de responsabilidade civil, segundo se recolle no apartado 13.A do Anexo I -FEC- do PCAP.
- f) Propón un incremento de CINCO (5) ANOS aos tres anos de experiencia da persoa responsable do contrato que figura no apartado 5.F.2 do Anexo I -FEC- do PCAP.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de formación e posta en valor do patrimonio oral no Centro de interpretación da oralidade de Vigo (CIOV) (3124-334)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

Lémbrese que o 20 de setembro de 2023 se notificou a resolución de clasificación a ASOCIACIÓN ORAL DE GALICIA (Lotes 1, 2 e 3), por ser o licitador clasificado en primeiro lugar, co requirimento da documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP.

O licitador presentou a documentación requirida o día 4 de outubro de 2023, dentro do prazo concedido.

Tras a análise da documentación presentada polo licitador, a Mesa acorda, por unanimidade, conceder un prazo de 3 días a ASOCIACIÓN ORAL DE GALICIA para que poida emendar a seguinte documentación:

1. Declaración de non estar incurso en prohibición de contratar asinada polo seu representante legal en referencia ao artigo 71 da LCSP xa que a que presentan fai referencia aos artigos 54 e 57 do Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro de contratos do sector público actualmente derogado.
2. Acreditación da solvencia económica segundo o esixido no apartado 5B do Anexo I - FEC- e na cláusula 8.8.3ª do PCAP, na que se indica que: “De non existir obriga de depósito de contas nun rexistro público, poderá acreditarse mediante a presentación de calquera modelo oficial declarado ante a Axencia Tributaria onde quede reflectido o volume anual de negocios.”
3. Acreditación da solvencia técnica e profesional segundo o esixido no apartado 5C do Anexo I -FEC- e na cláusula 8.8.3º do PCAP: “Considerarase acreditada a



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:43	Páxina 13 de 25
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA94D-C3D43B-5EA6CA-TKP4Z3-P5EHZJ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN,
FESTAS E XESTIÓN
MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



solvencia se nalgún dos últimos tres anos acredita servizos ou traballos por importe igual ou superior ao 70% da anualidade media do prezo do contrato, excepto no caso de que a duración do contrato sexa inferior a un ano, suposto no que se terá en conta o 70% do prezo do contrato. Se o contrato se licitase por lotes, a anualidade media será a do lote ou lotes aos que presente proposta o licitador. Para determinar se un servizo é de igual ou similar natureza atenderase aos tres primeiros díxitos do código CPV. Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario, acompañado dos documentos que consten no seu poder que acrediten a realización da prestación."

4. Acreditación dos medios persoais a adscribir á execución do contrato reflectidos no apartado 5F do Anexo I -FEC- do PCAP: "1 persoa con titulación de grao/licenciatura en Filoloxía Galego-Portuguesa, Filoloxía Galega e Filoloxía Hispánica (sección galego-portuguesa), Grao en Estudos de Galego e Español (Itinerario en Lingua e Literatura galegas) ou equivalente, cunha experiencia mínima de 1 ano en traballos como formadores en patrimonio oral galego".

c) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto "Conservación e mellora da cuberta do pavillón de Coia" (1592-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto "Conservación e mellora da cuberta do pavillón de Coia" (1592-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 20 de abril de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:43	Páxina 14 de 25
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA94D-C3D43B-5EA6CA-TKP4Z3-P5EHZJ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN,
FESTAS E XESTIÓN
MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



"Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "CONSERVACIÓN E MELLORA DA CUBERTA DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO DE COIA" redactado polo Arquitecto Técnico D. Alejandro Martínez García.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 7 de marzo de 2023.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de CENTO SESENTA E TRES MIL VINTE E SETE EUROS CON OITENTA E TRES CÉNTIMOS (163.027,83 €), sendo o importe correspondente ao IVE de 28.294,09 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 3420.6320011 (Invest. Mellora. Instal. deportivas e vestiario) segundo a seguinte distribución de anualidades:

2023	163.027,83 €
------	--------------

Cuarto.-Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente."

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 18 de setembro de 2023 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Excluir deste procedemento a JUSTO ROMAN, S.L., por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, ao non ter presentado xustificación ningunha en prazo.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto "Conservación e mellora da cuberta do pavillón de Coia" (1592-441) na seguinte orde descendente:

	Empresas	Puntuación
1	PROSEMA NOROESTE, S.L.	98,80
2	DEMAIN OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	78,34

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, PROSEMA NOROESTE, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares."



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:43	Páxina 15 de 25
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA94D-C3D43B-5EA6CA-TKP4Z3-P5EHZJ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN,
FESTAS E XESTIÓN
MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, PROSEMA NOROESTE, S.L., o día 20 de setembro de 2023, que presenta a documentación requirida o 3 de outubro de 2023, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 13 de outubro de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento, polo voto favorable de todos os membros presentes agás D. Xabier Pérez Igrexas que se abstén.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar PROSEMA NOROESTE, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por PROSEMA NOROESTE, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 22 de agosto e 8 de setembro de 2023, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. "Tomar razón da resolución de exclusión acordada pola concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:43	Páxina 16 de 25
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA94D-C3D43B-5EA6CA-TKP4Z3-P5EHZJ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN,
FESTAS E XESTIÓN
MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 18 de setembro de 2023, de JUSTO ROMAN, S.L., por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, ao non ter presentado xustificación ningunha en prazo.

2. Adxudicar a PROSEMA NOROESTE, S.L. o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto "Conservación e mellora da cuberta do pavillón de Coia" (1592-441) por un prezo total do contrato de 130.304,90 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 22.614,90 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

d) Procedemento aberto para a contratación da iluminación decorativa da cidade de Vigo no Nadal (9274-106)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación, comunica que, en cumprimento do acordado na sesión do 28 de setembro de 2023, concedeuse un prazo de 3 días ao licitador clasificado en primeiro lugar, ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S.A., para que puidese emendar a documentación á que se refire o artigo 150 da LCSP.

Durante o prazo concedido o devandito licitador presentou, a documentación requirida.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación da iluminación decorativa da cidade de Vigo no Nadal (9274-106)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 21 de xullo de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:43	Páxina 17 de 25
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA94D-C3D43B-5EA6CA-TKP4Z3-P5EHZJ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

**Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS**

**ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN,
FESTAS E XESTIÓN
MUNICIPAL**

**CONCELLO
DE VIGO**



"PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación para contratar por procedemento aberto o contrato mixto de servizos e subministros da iluminación decorativa de Vigo nas Campaña do Nadal 2023-2024, 2024-2025, 2025-2026 e 2026-2027.

SEGUNDO.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares de data 07/07/2023 e o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 16/05/2023.

TERCEIRO.- Autorizar o gasto de 9.487.585,80, que inclúe un IVE de 1.646.605,80 €, durante catro anos desde o 1 xullo de 2023 o cal se imputará a partida 4310.2279900 "Instalación e mantemento da Iluminación do Nadal" co seguinte desglose:

ANUALIDADE	CUSTE NETO	IVE	IMPORTE (IVE engadido)
2023	1.424.796 €	299.207,16 €	1.724.003,16 €
2024	1.917.795 €	402.736,95 €	2.320.531,95 €
2025	2.016.795 €	423.526,95 €	2.440.321,95 €
2026	2.066.595 €	433.984,95 €	2.500.579,95 €
2027	414.999 €	87.149,79 €	502.148,79 €
TOTAL	7.840.980	1.646.605,80	9,487,585.80 €

CUARTO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista."

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 14 de setembro de 2023 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento para a contratación da iluminación decorativa da cidade de Vigo no Nadal (9274-106) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	ILUMINACIONES XIMENEZ, S.A.	100 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ILUMINACIONES XIMENEZ, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:43	Páxina 18 de 25
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA94D-C3D43B-5EA6CA-TKP4Z3-P5EHZJ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN,
FESTAS E XESTIÓN
MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S.A., o día 14 de setembro de 2023, que presenta a documentación requirida o 20 e 22 de setembro de 2023, dentro do prazo concedido.

Revisada a documentación, a Mesa de Contratación, na súa sesión do 28 de setembro de 2023, acordou conceder un prazo de 3 días a ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S.A., para que puidese emendar a documentación á que se refire o artigo 150 da LCSP. Durante o prazo concedido o devandito licitador presentou, a documentación requirida.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 13 de outubro de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento, polo voto favorable de todos os membros presentes agás D. Xabier Pérez Igrexas e D. Fernando González Abeijón que se absteñen.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S.A., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor de data 11 de setembro de 2023 e o acordo da Mesa de Contratación de data 14 de setembro de 2023.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:43	Páxina 19 de 25
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA94D-C3D43B-5EA6CA-TKP4Z3-P5EHZJ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN,
FESTAS E XESTIÓN
MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a *ILUMINACIONES XIMÉNEZ, S.A.* o procedemento aberto para a contratación da iluminación decorativa da cidade de Vigo no Nadal (9274-106) coas seguintes condicións:

- O prezo total do contrato é de 9.440.147,87 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.638.372,77 euros.
- Incrementa o número de arcos modelo ARC-04 en 100 unidades.
- Incrementa o número de motivos modelo MOT-02 en 125 unidades.
- Incrementa a iluminación en árbores modelo ARB-03 existentes distribuídos en distintos puntos da cidade en 100 unidades.
- Comprométese a achegar un elemento 3D dunha altura mínima de 8m e un volume mínimo de 128 m³.
- Comprométese a achegar 83 arcos eficientes que reduzan a dispersión do fluxo luminoso das lámpadas Led instaladas, coa conseguinte redución da contaminación lumínica.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

e) Procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto "Rehabilitación e acondicionamento do Pazo da Raposeira" no marco do PRTR financiado con fondos europeos NEXT-GENERATION-EU (11183-307)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:43	Páxina 20 de 25
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA94D-C3D43B-5EA6CA-TKP4Z3-P5EHZJ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN,
FESTAS E XESTIÓN
MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



aberto para a contratación das obras do proxecto "Rehabilitación e acondicionamento do Pazo da Raposeira" no marco do PRTR financiado con fondos europeos NEXT-GENERATION-EU (11183-307)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 19 de maio de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

1º.- Aprobar o expediente de contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria DAS OBRAS DE REHABILITACIÓN E ACONDICIONAMENTO DO PAZO DA RAPOSEIRA, redactado polo arquitecto Emilio Estévez Fernández.

2º.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o contrato asinado pola xefa do Servizo de Contratación con data 11 de abril de 2023.

3º.- Autorizar o gasto por importe de UN MILLÓN OITOCENTOS CINCUENTA MIL OITENTA E TRES EUROS E NOVENTA CÉNTIMOS (1.850.083,91 €) con cargo á aplicación orzamentaria 3360.6320021 (INVESTIMENTO DE MELLORA DO PAZO DA RAPOSEIRA) co proxecto asociado 22336021 e coa seguinte distribución de anualidades (con IVE):

2023	1.387.562,94 EUROS
2024	462.520,97 EUROS

4º.- Abrir o procedemento licitatorio para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente."

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 18 de setembro de 2023 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Excluir deste procedemento a CIVIS GLOBAL, S.L.U., por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte ao informe asinado pola enxeñeira de Camiños, Canais e Portos, a enxeñeira industrial, o enxeñeiro industrial e o xefe da Área de Inversións o 6 de setembro de 2023.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto "Rehabilitación e acondicionamento do Pazo da Raposeira" no marco do PRTR financiado con fondos europeos NEXT-GENERATION-EU (11183-307) na seguinte orde descendente:

Orden	Empresas licitadoras	PUNTUACIÓN TOTAL
1º	CONSTRUCCIONES ABAL S.A.	88,79
2º	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS S.L.	86,77



Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN,
FESTAS E XESTIÓN
MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



3º	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	86,44
4º	ORECO BALGÓN S.A.	85,47
5º	DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS S.L.	83,71
6º	CONSTRUCCIONES RAMÍREZ S.L.	71,40
7º	PROSEMA NOROESTE S.L.	66,90

Terceiro.- *Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES ABAL S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares."*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES ABAL, S.A., o día 20 de setembro de 2023, que presenta a documentación requirida o 29 de setembro de 2023, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 13 de outubro de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento, polo voto favorable de todos os membros presentes agás D. Xabier Pérez Igrexas e D. Fernando González Abeijón que se absteñen.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarse aos licitadores e, simultaneamente, publicarse no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CONSTRUCCIONES ABAL, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:43	Páxina 22 de 25
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA94D-C3D43B-5EA6CA-TKP4Z3-P5EHZJ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
**CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS**

**ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN,
FESTAS E XESTIÓN
MUNICIPAL**

**CONCELLO
DE VIGO**



A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CONSTRUCCIONES ABAL, S.A., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 21 de agosto de 2023 e 7 de setembro de 2023, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *"Tomar razón da resolución de exclusión de CIVIS GLOBAL, S.L.U., por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte ao informe asinado pola enxeñeira de Camiños, Canais e Portos, a enxeñeira industrial, o enxeñeiro industrial e o xefe da Área de Inversións o 6 de setembro de 2023.*
2. *Adxudicar a CONSTRUCCIONES ABAL, S.A. o procedemento aberto para a contratación das obras do proxecto "Rehabilitación e acondicionamento do Pazo da Raposeira" no marco do PRTR financiado con fondos europeos NEXT-GENERATION-EU (11183-307) por un prezo total do contrato de 1.755.045,04 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 304.594,59 euros.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

12.- Proposta de declaración de procedementos desertos

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de organización dos desprazamentos a MADRID da delegación con motivo da feira internacional de turismo (FITUR) (8495-104)

A secretaria comunica que segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral non se presentou ningunha proposición a esta licitación dentro do prazo de presentación que remataba o 29 de setembro.

En base ao anterior, a Mesa acorda, por unanimidade, formular a seguinte proposta ao órgano de contratación:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:43	Páxina 23 de 25
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA94D-C3D43B-5EA6CA-TKP4Z3-P5EHZJ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN,
FESTAS E XESTIÓN
MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014

- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento aberto para a contratación dos servizos de organización dos desprazamentos a MADRID da delegación con motivo da feira internacional de turismo (FITUR) (8495-104)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 8 de setembro de 2023 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto para a contratación dos servizos de organización dos desprazamentos a MADRID da delegación con motivo da feira internacional de turismo (FITUR) (8495-104).

Segundo.- A licitación foi obxecto de publicación no perfil de contratante o 14 de setembro de 2023, rematando o prazo de presentación de ofertas o 29 de setembro.

Terceiro.- Segundo consta no listado de licitadores da Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral de data 9 de outubro de 2023, non se presentou ningunha proposición para esta licitación.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Dado que non se presentou ningunha proposición neste procedemento, tal e como consta no listado de licitadores da Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral de data 13 de setembro de 2023, cómpre declarar deserta esta licitación.

Á vista do exposto, propónse a Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:43	Páxina 24 de 25
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA94D-C3D43B-5EA6CA-TKP4Z3-P5EHZJ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de CONTRATACIÓN e NOVOS PROXECTOS	ÁREA DE GOBERNO DE SEGURIDADE, CONTRATACIÓN, FESTAS E XESTIÓN MUNICIPAL	CONCELLO DE VIGO
---	--	-----------------------------



"Declarar deserto o procedemento aberto para a contratación dos servizos de organización dos desprazamentos a MADRID da delegación con motivo da feira internacional de turismo (FITUR) (8495-104) por non terse presentado ningunha proposición".

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 11:40 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 07:43	Páxina 25 de 25
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA94D-C3D43B-5EA6CA-TKP4Z3-P5EHZJ-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		